



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
cabana@concello-cabana.es

## PROPOSTA DE BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 OFICIAL DE SEGUNDA E 2 PEÓNS PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NO EXERCICIO 2015.

### PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal a xornada parcial (25h semanais) durante tres (3) meses na modalidade de "obra e servizo determinado", e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección, de 1 OFICIAL DE SEGUNDA E 2 PEÓNS PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS do Concello de Cabana de Bergantiños, segundo o establecido na Resolución nº 2015/7609 da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba o programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2015 , publicado no BOP nº 74 do 22 de abril de 2015.

### SEGUNDA.-DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO DO TRABALLADOR.

A duración do contrato será de tres (3) meses dende a súa sinatura, cunha xornada de traballo de luns a venres segundo as necesidades do servizo, e en horario a determinar pola Alcaldía, e en todo caso con un total de 25h semanais. Os traballadores terán dereito aos seguintes salarios :

- **oficial de segunda:**de 975,00 euros mensuais por tódolos conceptos , incluído a parte proporcional da paga extra que lles corresponda. A modalidade de contrato será a de contrato de obra/servizo.

- **peóns:**de 860,00 euros mensuais por tódolos conceptos, incluído a parte proporcional da paga extra que lles corresponda. A modalidade de contrato será a de contrato de obra/servizo.

### TERCEIRA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta e para a realización da proba práctica.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

e) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Carballo, previa presentación das ofertas de emprego correspondentes por parte do Concello de Cabana de Bergantiños.

#### **CUARTA.-PRESENTACION DE SOLICITUDES.**

1.- ~~As solicitudes para participar no concurso-oposición axustaranse ó modelo oficial~~ que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00 a 14:00, durante os **TRES DIAS HÁBILES** (excluído o sábado) posteriores á comunicación por parte do Concello aos candidatos preseleccionados na oficina de emprego de Carballo, previa presentación das ofertas de emprego correspondentes por parte do Concello. A comunicación aos desempregados/as farase a través do teléfono ou de correo electrónico que figure na documentación remitida dende a Oficina de Emprego de Carballo. Este chamamento será realizado por persoal do departamento de emprego e desenvolvemento local do Concello.

2.- Á instancia, que se presentará nas oficinas xerais municipais, unirase inexcusablemente:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- Declaración responsable na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe capacidade funcional para o desempeño do posto e para a realización da proba práctica.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

- Declaración responsable de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse en inhabilitación para emprego público por resolución xudicial.
- **Anexo II** "Modelo de autoliquidación da taxa pola expedición de documentos administrativos" que deberá vir debidamente dilixenciada pola entidade bancaria ou contar coa sinatura do funcionario do concello que xustifique o ingreso na caixa do concello dos dereitos de exame. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite da presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante de abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en 3 euros ( para peón ou oficial) e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, esto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

A documentación presentada poderá ser fotocopia simple, debendo unicamente presentar os orixinais e fotocopias debidamente dilixenciadas o aspirante que resulte seleccionado.

3.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquer intre, de oficio ou a petición do interesado.

4.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcurrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

## QUINTA.-ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en Dereito.

2.-Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.-Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en Dereito.

4.-Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará a composición e a data de reunión do Tribunal cualificador que será igualmente publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

#### **SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

1.-O tribunal cualificador designado pola Alcaldía-Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/1985 de 2 de Abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecido por Lei 7/ 2007 de 12 de abril ,Estatuto Básico do Empregado Público, estará composto por los seguintes membros que poderán intervenir indistintamente:

- **Presidente:** un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello.
- **Secretario:** o Secretario/a do Concello ou persoa en quen delegue.
- **Vogal :-** Un funcionario/a ou traballador/a laboral fixo do Concello.

2.-Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, non podendo seren nomeados ~~membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizasen tarefas de preparación~~ de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.-O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alomenos dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do presidente e do secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará unha acta.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estos limitaranse únicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

6.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio e lexislación complementaria.

7.- As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 102 e seguintes da Lei 30/1992 de novembro.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
cabana@concello-cabana.es

## SETIMA.-COMENZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS.

1.- Con carácter xeral, para todas aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, realizaranse por orde alfabética dos seus apelidos empezando pola letra A. Os aspirantes deberán no seu caso presentarse provistos do seu D.N.I vixente ou documento que acredite a súa personalidade.

2.-Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuito ou forza maior que impedisese a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que esté debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que no rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

3.-Para as persoas con minusvalías que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

4.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñecer a identidade do aspirante.

## OITAVA.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante oposición e concurso de méritos alegados polos aspirantes presentados . O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentalas solicitudes ás probas selectivas.

**1) FASE DE OPOSICIÓN:** será a mesma para os postos de peóns e para o posto de oficial de segunda.

Os aspirantes deberán facer unha proba que terá carácter eliminatorio, no caso de non superala ou non realizala non se procederá a ter en conta a valoración da fase de concurso, quedando estes aspirantes eliminados do procedemento de selección.

Consistirá na realización dunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que construír un pequeno muro de ladrillo dunhas medidas aproximadas de 1m<sup>2</sup>, nun tempo máximo de 15 minutos. Valorarase a destreza, habilidade, a calidade do acabado e o tempo empregado na realización da proba.

A valoración será de de 0 a 5 puntos, sendo imprescindible como mínimo obter unha puntuación de 2,5 puntos para poder superala. O lugar das probas será o lugar que determine o tribunal de selección.

### **2) FASE DE CONCURSO:**

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos

documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

**- PARA OS 2 POSTOS DE PEÓN:**

**A.-Experiencia profesional:** puntuación máxima 2 puntos

- Por servizos prestados en postos similares tanto na Administración Pública como na empresa privada como peón: 0.10 puntos/mes, ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

Acreditarase mediante certificación expedido polo Organismo ou entidade correspondente que permita avaliar o servizos prestados, ou mediante a presentación de vida laboral acompañado de copias dos contratos ou documento de fin de contrato ou certificado de empresa ou calquera outra documentación fidedigna que permita comprobar o posto e a actividade da empresa. O tribunal non valorará aquelas contratacións onde non estivera fehacientemente acreditada a data de inicio e fin dos traballos efectivamente realizados.

**B.- Estar en posesión do carnet de conducir B1:** 0,50 puntos

No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivera a maior puntuación na proba práctica e de persistir o empate atenderase a quen acredite maior experiencia. De persistir o empate resolverase mediante sorteo.

**- PARA O POSTO DE OFICIAL DE SEGUNDA:**

**A.-Experiencia profesional:** puntuación máxima 2 puntos

- Por servizos prestados en postos similares tanto na Administración Pública como na empresa privada como oficial de 1ª ou de 2ª: 0.10 puntos/mes, ata un máximo de 2 puntos.

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

Acreditarase mediante certificación expedido polo Organismo ou entidade correspondente que permita avaliar o servizos prestados, ou mediante a presentación de vida laboral acompañado de copias dos contratos ou documento de fin de contrato ou certificado de empresa ou calquera outra documentación fidedigna que permita comprobar o posto e a actividade da empresa. O tribunal non valorará aquelas contratacións onde non estivera fehacientemente acreditada a data de inicio e fin dos traballos efectivamente realizados.

**B.- Estar en posesión do carnet de conducir B1:** 0,50 puntos

No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivera a maior puntuación na proba práctica e de persistir o empate atenderase a quen acredite maior experiencia. De persistir o empate resolverase mediante sorteo.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)

[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## NOVENA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Ademáis a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral das persoas seleccionadas, como reserva (sempre respetando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

## DECIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de **3 días hábiles**, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello, os documentos seguintes:

a.-Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.

b.-Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para o seu cotexo) de tódolos méritos alegados para a súa avaliación polo tribunal.

c.-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

d.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

e.-Declaración xurada de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

f.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

g.-**Informe médico** onde se faga constar que o aspirante non presenta ningún tipo de eiva física o psicolóxica para o desenvolvemento do posto de traballo para o que foi seleccionado, no caso de que este informe médico non sexa favorable non se formalizará o contrato, polo que o aspirante quedará eliminado do proceso.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da

presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

#### **UNDÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 DIAS, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este periodo se a persoa da que se trate o superase satisfatoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

#### **DUODÉCIMA.-INCIDENCIAS.**

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

Bases propostas pola Alcaldía.

Cabana de Bergantiños, a 10 de agosto de 2015.

O Alcalde

Asdo. José Muiño Domínguez.

DILIXENCIA.- Para facer constar que as presentes bases, que constan de 8 páxinas a dúas caras e rubricadas ao marxe coa sinatura da secretaria, ademáis de Anexo I: instancia para participar en proceso selectivo (1 páxina) e Anexo II: taxa pola expedición de documentos administrativos( 4 páxinas) foron aprobadas por resolución da Alcaldía nº 446 /2015 do 16 de agosto de 2015."""

A Secretaria en acumulación

Rosa Ana García Fernández

SECRETARÍA  
(A CORUÑA)